

Escola Politécnica Superior Campus de Lugo



"Imaxina, investiga, descobre... ENXEÑA"

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

SISTEMA DE GARANTIA DE CALIDADE

Definición:


O Sistema interno de garantía de calidade ten como finalidade garantir que as ensinanzas impartidas no centro se desenvolvan de acordo aos criterios de calidade fixados buscando a mellora continuada da oferta e das actividades académicas. Isto implica unha revisión continuada dos resultados por parte dos elementos integrantes do SGIC que son fundamentalmente a Comisión de Calidade do Centro e as Comisións dos Títulos.

A mellora buscada debe permitir acadar niveis de calidade que faciliten a acreditación e renovación dos títulos que se imparten, de acordo co establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010, e abrindo o camiño cara a acreditación institucional do centro, de acordo co RD 420/2015.

O compromiso de calidade debe estar documentado. Os documentos básicos do SGIC son: o Manual Extenso, o Manual Simplificado e o Manual de Procedementos.

<http://www.usc.es/gl/centros/eps/TitulacionDeGrao/Calidad/Calidad.html>

Sistema de Garantía de Calidade da EPS



COMISIÓN DE CALIDADE

FUNCIÓNS:

Realizar e propoñer a planificación estratéxica do centro.

Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.


Elaborar a Memoria de Calidade do Centro

COMISIÓN DE CALIDADE DO CENTRO

COMPOSICIÓN:

- Director/a do Centro (presidente/a)
- Responsable de Calidade do Centro (RCC)
- Coordinador/as das Titulacións oficiais adscritas ao centro.
- 1 membro do PAS (Xestor ou Xestora de Centro ou persoa que designe o Director ou Directora do Centro)
- 1 alumno/a (preferiblemente alumno/a-titor/a) por cada titulación
- Outros membros que o Director ou Directora de Centro considere oportuno propoñer á Xunta de Centro para o bo funcionamento do SGIC

COMISIONS DE TÍTULO



FUNCIONES:


- Realizar un informe dos resultados do título e as propostas de mellora (Informe de seguimento do Título)
- Realizar a coordinación vertical e horizontal das actividades académicas.
- A coordinación e seguimento dos aspectos relacionados cos TFG.

COMISIONS DE TÍTULO

COMPOSICIÓN:

- Director/a
- Coordinador/a de Título (CT)
- Responsable de Calidade do Centro (RCC)
- Outros membros que propoña o Director/a de Centro (grao) ou Coordinador/a de Título (máster)
- Representante ou Representantes do alumnado
- Representante do PAS

CICLO ANUAL DO SGIC



POLITICA DE CALIDADE NA EPS

Obxectivos.

<http://www.usc.es/gl/centros/eps/TitulacionDeGrao/Calidad/Calidad.html>

Principal obxectivo: o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de atención e resposta ás demandas dos nosos grupos de interese.

The screenshot shows the USC website interface. At the top, there are language options (Castellano, English) and utility links (Directorio persoal, Mapa do web, Accesibilidade, RSS, Axuda). The main header features the USC logo and the text 'ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR'. A search bar is present with the placeholder 'Texto a buscar...'. The breadcrumb trail reads: Inicio » Centros » Escola Politécnica Superior » Sistema de garantía interna de calidade. The main content area is titled 'Sistema de Garantía Interna de Calidade' and lists several documents: 'Memoria de Calidade. Curso 2014/2015 (aprobado en Xunta de Escola o 02/03/2016)', 'Memoria de Calidade. Cursos 2012/2013 e 2013/2014 (aprobado en Xunta de Escola o 16/03/2015)', 'Manual de Calidade do SGIC da EPS v2.0 (4/09/2013)', 'Manual de Calidade do SGIC da EPS v3.0 (04/02/2015)', 'Manual de Procesos e Procedementos do SGIC da USC', 'Certificado de avaliación positiva do SGIC da EPS', 'Sistema Marco de Garantía Interna de Calidade da USC', 'Procedementos documentados', 'Plans de mellora', and 'Plano estratéxico da EPS'. On the left, a navigation menu includes 'A Escola' (with sub-items: Presentación, Localización, Organización EPS, Recursos materiais e plan de autoprotección, Departamentos, Normativa, Modelos de Solicitud, Servizos USC), 'Calidade / SGIC' (with sub-items: Calidade SGIC, Comisión de Calidade da EPS), and 'Graos' (with sub-item: Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria). On the right, there are two more menus: 'Organización académica' (with sub-items: Calendario académico 15/16, Horarios titulacións, Horarios de exames, Horarios profesorado, Horarios de aulas, Normas de Xestión Académica) and 'Ligazóns de interese' (with sub-items: Secretaria virtual alumnos/docentes, Campus virtual USC, Correo web USC, Directorio USC, Biblioteca USC). At the bottom right, there is a button for 'Alumnado'.

POLITICA DE CALIDADE NA EPS

Principios.

Responsabilidade: proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.

Integración, participación e igualdade: esta escola establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Escola a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.

Orientación ao alumno: este Centro garante no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o principal receptor deste.

Excelencia: o traballo desta Escola realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas.

Transparencia: Esta Escola basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

GRUPOS DE INTERESE NO SGIC

GRUPO DE INTERESE	CAUCES DE PARTICIPACIÓN	RENDICIÓN DE CONTAS
Estudantes, profesorado, PAS do Centro	As súas achegas teranse en conta mediante a súa participación nas diferentes comisións (incluída a CCC) e recollendo o seu punto de vista a partir das enquisas de satisfacción aos grupos de interese.	Á información que se xere deste proceso tamén se lle dará publicidade mediante a elaboración de folletos informativos, incluíndoos na páxina web do centro e da universidade.
Universidade: Consello de Goberno, Consello de Dirección	A Universidade, a través dos seus órganos de goberno (Consello de Goberno, Consello de Dirección) aproba o seu plan estratéxico, ao cal se deben adecuar as políticas e obxectivos de calidade do Centro. Aproba así mesmo as propostas de Títulos e o SGIC do Centro.	
Administración pública; sociedade	Na elaboración da política e obxectivos de calidade, a Administración pública participa mediante o deseño das políticas universitarias e dos procesos de verificación e acreditación dos títulos. A sociedade participa a través das consultas a entidades sociais e profesionais (empregadores, colexios profesionais) e das enquisas de satisfacción aos grupos de interese.	

GRUPOS DE INTERESE NO SGIC



Qué é o: INFORME DE SEGUIMENTO DOS TÍTULOS?

Informe realizado anualmente a partir da análise da información proporcionada polo/a Coordinador/a do Título e RCC procedente dos datos proporcionados polas enquisas aos grupos de interese e pola Universidade a propósito do desenvolvemento das ensinanzas e dos seus resultados.

Qué é o: PLAN DE MELLORAS DO TÍTULO?

É o conxunto de accións propostas para a mellora das eivas detectadas durante o proceso de Seguimento do Título e reflectidas no Informe de Seguimento e de aplicación no curso seguinte.

Qué é a: MEMORIA DE CALIDADE DO CENTRO?

É o informe anual realizado pola Comisión de Calidade do Centro a partires da información sobre o desenvolvemento dos títulos proporcionada polos grupos de interese.

Comprende:

Unha análise dos datos correspondentes ao curso anterior sobre o Sistema Interno de Garantía de Calidade

Unha análise da aplicación dos obxectivos de calidade do centro e do Plan de Mellora do ano anterior.

Unha proposta de Plan de Mellora para o curso seguinte

Os Informes de Seguimento dos títulos

Os Plans de Mellora dos títulos.

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE NA USC




Figura 2. Garantía de calidad na USC